

Celga



4

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C4-B-18-2

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede este artigo sobre a Axenda de Desenvolvemento Sustentable da ONU. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

OS CONSUMIDORES NON SOMOS SIMPLES ESPECTADORES. TEMOS PODER PARA PROVOCAR UN CAMBIO E DEBEMOS USALO

Dende hai tres anos, o mundo é máis xusto, comprometido e responsable ou, polo menos, loita por selo. O 25 de setembro de 2015, a ONU impulsou a creación dunha Axenda de Desenvolvemento Sustentable na que os 193 países asinantes se comprometían a traballar na consecución dunha serie de metas para crear un mundo mellor.

Os obxectivos que figuran na Axenda 2015-2030 forman parte dun proxecto global formado por 17 metas entre as que se inclúen a fin da pobreza, a igualdade de xénero, a educación de calidade, a saúde ou a redución das desigualdades. Ademais, o acordo inclúe o desenvolvemento das enerxías limpas e non contaminantes, o coidado dos ecosistemas terrestres e mariños, a loita contra o cambio climático ou a creación de institucións sólidas que garantan a paz e a xustiza, entre outras. Todas elas están interrelacionadas, o que esixe unha concienciación universal: todos os países deben implicarse e perseguilas.

Unha viraxe de rumbo

Ao longo da súa historia, a ONU traballou moito os temas do medio, igualdade de xénero ou cooperación para o desenvolvemento, pero sempre abordándoos de forma sectorial. En 2012, no encontro Río+20, decidiuse crear unha soa axenda que os incluíse todos, para así evitar centrarse máis nun asunto en detrimento doutros. Esta axenda é moi importante porque iguala todas as persoas do mundo e integra todas as visións. A ONU deulle un xiro completo ao seu enfoque.

Ao alcance de todos

Pero o cambio non só implica o traballo de gobernos e institucións. A cidadanía ten un papel moi importante para alcanzar estes obxectivos. Os pequenos xestos conducen a grandes cambios. Fixarse na letra pequena da etiqueta, informarse sobre as condicións ambientais e humanas coas que se elaborou un artigo ou prestarlle atención ao impacto dos seus materiais na terra pode marcar a diferenza.

Precisamente, producir e consumir de forma responsable é un dos propósitos da Axenda 2015-2030. Aquí, cada fabricante e comprador pode contribuír, xa que se consegue co esforzo de todos. Cambiando os métodos de produción e de consumo de bens lógrase, por exemplo, reducir a pegada ecolóxica.

Convén recordar que os consumidores non somos só espectadores. Todo o contrario. Quizais na nosa sociedade non esteamos afeitos a valorar a capacidade transformadora dos compradores pero, noutros países, grandes cadeas produtoras víronse obrigadas a modificar a natureza das súas materias primas ou os seus procesos de produción debido ás esixencias dos clientes. De nós depende.

17 Obxectivos

Os 17 obxectivos son os seguintes:

1. Poñerlle fin á pobreza. O obxectivo é erradicar a pobreza extrema, nada fácil se temos en conta que máis de 800 millóns de persoas viven con menos de 1,25 dólares ao día. E non é algo que lles incumba só aos países máis pobres. En España, por exemplo, 12,9 millóns de persoas viven en risco de pobreza ou exclusión social.

2. Acabar coa fame. Segundo a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO), é posible eliminar a fame de aquí a 2030 se se invisten 267 000 millóns de dólares anuais durante os próximos 15 anos.

3. Garantir unha vida sa. O aumento da esperanza de vida e a redución da mortalidade infantil e materna son algúns dos avances dos últimos anos máis destacados nesta materia.

4. Garantir unha educación de calidade. As taxas de escolarización e alfabetización seguen en aumento, malia que aínda resulta necesario redobrar os esforzos para que a educación sexa universal.

5. Igualdade de xénero. As mulleres representan a metade da poboación. O apoderamento feminino é imprescindible para impulsar o desenvolvemento económico e social.

6. Asegurar o acceso á auga potable. A seca constitúe un dos problemas máis urxentes, xa que se prevé que en 2050 o 25 % da poboación viva en países afectados pola escaseza crónica de auga.

7. Conseguir o acceso universal á enerxía. Mil millóns de persoas no mundo non teñen acceso á electricidade, segundo un recente informe do Banco Mundial. Se non se redobran os esforzos nesta materia, en 2030 espérase que 674 millóns continúen sen ela.

8. Promover o crecemento económico sustentable. Para facelo, é necesario aumentar a produtividade laboral, reducir o desemprego e mellorar o acceso aos servizos financeiros.

9. Mellorar as infraestruturas e a industria. A construción de infraestruturas básicas nos países menos desenvolvidos permitirá que o PIB da súa industria se duplique de aquí a 2030.

10. Reducir as desigualdades. Diminuír a fenda entre países e entre a poboación é unha das prioridades.

11. Lograr cidades sustentables. A ONU estima que 4000 millóns de persoas viven actualmente en cidades. A loita contra a contaminación e a mellora da planificación urbana son fundamentais para conseguir cidades habitables.

12. Produción e consumo sustentables. É dicir, facer máis e mellores cousas con menos recursos. Como se consegue? Fomentando o uso eficiente dos recursos e impulsando o consumo responsable.

13. Loitar contra o cambio climático. Os últimos tres anos foron os máis cálidos dende que se teñen datos. O aumento dos desastres naturais é outro dos factores que obrigan a actuar con urxencia ante o cambio climático.

14. Protexer os océanos e os recursos mariños. A sobrepesca e a contaminación están poñendo en perigo os océanos. Para conservar a diversidade biolóxica é preciso establecer zonas protexidas.

15. Xestionar os bosques de forma sustentable. Cada ano desaparecen 13 millóns de hectáreas de bosque. A diminución da produtividade da terra e a perda de diversidade biolóxica seguen sendo motivos de gran preocupación.

16. Promover a paz e a xustiza. Este obxectivo céntrase na promoción do acceso universal á xustiza, a fin dos conflitos violentos e o respecto dos dereitos humanos.

17. Revitalizar a Alianza Mundial para o Desenvolvemento Sustentable. Para que todos os obxectivos anteriores se cumpran, é necesario impulsar alianzas entre os gobernos, o sector privado e a sociedade civil.

Texto adaptado da revista *Consumer Eroski*.

PARTE 2

<p>1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL</p>	<p>1-2 minutos aprox.</p>
<p>Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Como se chama? ■ A que se dedica? ■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Que lle gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	
<p>2. RESUMO</p>	<p>3 minutos aprox.</p>
<p>Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que esqueza detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do artigo:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Que é a Axenda de Desenvolvemento Sustentable da ONU? ■ En que ámbitos propón traballar? ■ Cales son os principais obxectivos? ■ Cal é o seu período de aplicación? A quen vai dirixida? 	
<p>3. EXPOSICIÓN</p>	<p>3-4 minutos aprox.</p>
<p>Orientacións para o avaliador: o entrevistador escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle ao candidato que faga unha exposición de 2-3 minutos, na cal defenda o seu punto de vista ou argumente sobre ese tema. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso e indicárselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que o candidato poida ser debidamente avaliado. Se o candidato tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.</p>	

Realice unha exposición acerca do seguinte enunciado:

- A. «Os pequenos xestos conducen a grandes cambios»
- B. «Agora o mundo é máis xusto, comprometido e responsable»
- C. «A produción e o consumo sustentables son a única opción para salvar o planeta»
- D. «O apoderamento feminino é imprescindible para impulsar o desenvolvemento económico e social»
- E. «A actitude dos consumidores transformará os procesos de produción»

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador: logo da exposición, establecerase un diálogo co candidato. A opción de preguntas que se lle dará ao candidato (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato. Ademais, é moi importante que se force a CONTRAARGUMENTACIÓN para poder avaliar a súa capacidade argumentativa.

OPCIÓN A

«Os pequenos xestos conducen a grandes cambios»

- Cre que as accións individuais poden chegar a producir un impacto significativo ou que se trata dunha cuestión en realidade intrascendente?
- Practica vostede algún deses «pequenos xestos»? Cal? Por que? Faino por convencemento ou por presión?
- Que opina sobre ese «pequeno xesto» de pagar as bolsas de plástico? Cre que se vai reducir o seu uso ou que simplemente os consumidores agora teremos que pagar por algo que antes era gratuíto?
- Pensa que eses xestos deben ser voluntarios ou impostos pola Administración?
- Se tivese que facer obrigatorio algún deles, cal lle parecería prioritario? Cal non?
- Atópase vostede máis próximo da afirmación «este mundo non ten amaño» ou de «entre todos podemos cambialo»? Explique a súa postura.

(Se procede)

- Existen diferenzas ou semellanzas entre a maneira de comprender isto en Galicia e no seu lugar de orixe?

OPCIÓN B

«Agora o mundo é máis xusto, comprometido e responsable»

- Se concorda coa afirmación, a que cre que é debido? Se non está de acordo, a que cre que é debido?
- Segundo a súa opinión, cales serían as medidas máis urxentes para un mundo máis xusto?
- Considera que algún día se alcanzará a meta dun desenvolvemento mínimo para todo o planeta, ou opina que todo iso non é máis ca unha entelequia?
- Cre que a presión cidadá pode acabar exercendo forza sobre a política? Deben os políticos molestarse en concienciar para conseguir un mundo mellor?
- Pensa vostede que na actualidade vivimos situacións que esixen solidariedade e cooperación?
- Coida que as persoas se preocupan polo conxunto da humanidade ou que cada quen ten abondo cos seus propios problemas?
- Que opina sobre a existencia e o papel de organismos supranacionais como a ONU, a Unión Europea ou a OTAN?
- Se tivese que propoñer unha organización que contribuíse a un mundo mellor, en que a concretaría? Cales serían os principais obxectivos?

(Se procede)

- Existen diferenzas sobre a visión do futuro do mundo en Galicia e no seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

«A produción e o consumo sustentables son a única opción para salvar o planeta»

- O desenvolvemento sustentable busca reconciliar o benestar económico e os recursos naturais. Cre vostede que isto é aínda posible ou que a humanidade chegou xa a un punto de non retorno? Por que?
- Parécelle que o mundo será capaz de satisfacer as necesidades do seu presente sen comprometer as das xeracións futuras?
- O desenvolvemento sustentable probablemente esixa que as sociedades máis desenvolvidas renuncien a parte do seu benestar económico, e iso implicará sacrificios individuais. Que opina ao respecto? Estaría disposto a renunciar a parte do seu confort polo ben da humanidade?
- Os recursos renovables deberían substituír nun futuro moi próximo os recursos non renovables. Cre que imos por bo camiño? Cales serían, dende o seu punto de vista, as principais medidas que se deberían tomar neste ámbito?
- Opina que o noso país está avanzando na dirección correcta en canto ao desenvolvemento sustentable? Que se está facendo ben? Que se podería mellorar?

(Se procede)

- Existen diferenzas no que ten que ver co desenvolvemento sustentable en Galicia e no seu lugar de orixe?

OPCIÓN D

«O apoderamento feminino é imprescindible para impulsar o desenvolvemento económico e social»

- Considera que se están dando avances para que as mulleres vaian tomando o control do seu propio destino ou que aínda se progresa moi amodo neste terreo?
- Pensa que algún día se darán superado de forma global as prácticas culturais e estruturais que contribúen a perpetuar a situación de desvantaxe e desigualdade das mulleres? Que cumpriría facer para axilizar ese proceso?
- Coida que o papel da muller é distinto en diversos países? A que se debe isto? En que países considera que o apoderamento feminino está máis afianzado? En cales menos? Por que?
- Opina que as mulleres independentes, autónomas e con iniciativa poden contribuír de maneira moi significativa ao progreso da humanidade? Por que razóns?
- Nalgúns continentes o papel da muller segue estando subordinado a iniciativas masculinas. Coñece algún caso? Por que pensa que ocorre isto? Que se podería facer para remedialo?
- En moitos casos, en especial no seo da familia, as mulleres son as garantes de cuestións tan básicas como a alimentación, a educación e mesmo a saúde dos pequenos. Cre que se trata de labores aos que non se lles dá o valor que merecen? Parécelle ben que isto sexa así?

(Se procede)

- Existen diferenzas respecto desta cuestión en Galicia e no seu lugar de orixe?

OPCIÓN E

«A actitude dos consumidores transformará os procesos de produción»

- Cre que todos os consumidores están igualmente concienciados da necesidade de cambiar os sistemas de produción actuais? Por que? Non pensa que falta educación e campañas de sensibilización sobre estes temas? Por que?
- Non coida que a sustentabilidade ten un prezo que só poden pagar os consumidores cun poder adquisitivo alto? Por que?
- Pensa que promover modelos de produción sustentables (de alimentos, de produtos de primeira necesidade...) favorecerá o progreso dos países menos desenvolvidos e, polo tanto, o benestar dos seus habitantes? Por que?
- Considera que a tendencia das empresas a vendernos produtos e envases de usar e tirar é facilmente reversible? Por que? Como consumidor ou consumidora, que medidas proporía para evitar este malgasto de recursos?
- Cre que mercamos o que realmente precisamos ou que, influídos pola publicidade ou pola nosa contorna social, acabamos por crear necesidades que non temos? Pode poñer algún exemplo de produtos que considere totalmente superfluos?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza entre a mentalidade e a maneira de mercar dos consumidores de Galicia e os do seu lugar de orixe?